

Orde do 29 de novembro de 1996 pola que se establecen as tempadas nas que poderán ter lugar as rebaixas nos establecementos comerciais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de ordenación do comercio minorista regula con carácter básico nos seus artigos 24 e 25 o concepto de rebaixas e as tempadas nas que estas poden realizarse, atribuíndo ás comunidades autónomas competentes a fixación das datas concretas das dúas tempadas anuais dentro das cales se poden realiza-las rebaixas (unha a comezo de ano e outra no período estival de vacacións), sendo decisión de cada comerciante a duración de cada unha delas que como mínimo será dunha semana e como máximo de dous meses, en virtude do cal se fixan as dúas tempadas anuais de rebaixas.

Por todo isto e en virtude das competencias mencionadas e de conformidade co artigo único do Decreto 254/1996, do 14 de xuño, polo que se determina o órgano competente para fixa-las tempadas de rebaixas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Os establecementos comerciais asentados na Comunidade Autónoma de Galicia fixarán os seus períodos de rebaixas dentro das seguintes tempadas:

-Do 7 de xaneiro ó 7 de abril (ámbolos dous inclusive) para a tempada de inverno.

-Do 1 de xullo ó 30 de setembro (ámbolos dous inclusive) para a tempada de verán.

Artigo 2º

Dentro das ditas tempadas, a duración de cada período continuo de rebaixas será como mínimo dunha semana e como máximo de dous meses, de acordo coa decisión de cada comerciante. En todo caso, as datas de rebaixas elixidas deberán exhibirse nos establecementos comerciais en sitio visible ó público, incluso cando permanezan pechados.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a Dirección Xeral de Comercio e Consumo para dictar cantas resolucións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución da presente orde.

Segunda.-A presente orde entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1997.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 1996.

Antonio Couceiro Méndez

Conselleiro de Industria e Comercio